

<b>Curso académico</b>	2008/2009
------------------------	-----------

<b>Materia</b>		
Coñecemento do medio histórico de Galicia		
Curso	Ciclo	Profesor responsable do programa
3º	1	Mª Dolores Miguel Pérez
Titulación		
Mestres de E. Infantil, E. Primaria, E. Física, Audición e Linguaxe		
Carácter	Duración (A; 1C; 2C)	Idiomas en que se imparte
Optativa	1C	Galego

A= Anual; 1C= primeiro cuadrimestre; 2C= segundo cuadrimestre

## PROGRAMA XERAL DA MATERIA

<b>Obxectivos</b>
<p>A asignatura de <b>Coñecemento do medio histórico de Galicia</b> é unha materia optativa de terceiro curso ofertada a todas as Especialidades de Mestre, cunha carga de 4 créditos no actual plan de estudos.</p> <p>A adaptación ós novos créditos ECTS supón a seguinte distribución horaria:</p> <p>83 horas totales de traballo do estudante repartidas en:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 28 horas presenciales (traballo na aula)</li> <li>- 12 horas de actividades académicas dirixidas (non presencias pero tuteladas )</li> <li>- 43 horas de traballo non presencial (preparación, lecturas, seminarios, tutorías, exámenes)</li> </ul> <p>Esta nova distribución obriga a unha redefinición do programa académico que se fai evidente nos apartados de obxectivos, metodoloxía e avaliación.</p> <p><b>OBXETIVOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as principais características das etapas da evolución histórica de Galicia e a súa relación coa problemática xeral da Historia de España e do contexto europeo e mundial.</li> <li>- Coñecer e analizar os contidos referidos ao coñecemento da Historia de Galicia que están presentes no Ensino Primario.</li> <li>- Coñecer e recoñecer no entorno histórico e cultural galego aqueles recursos metodolóxicos e didácticos mais axeitados para traballar a área de Coñecemento do medio.</li> <li>- Fomentar actitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio cultural e histórico de Galicia.</li> <li>- Diseñar traballos de indagación sobre o entorno galego e axeitalos ós niveis da Educación Primaria: manexo fontes de información primarias e secundarias, documentais, materiais, orais; análise, verificación e contrastación da información; elaboración de resultados e comunicación escrita e oral.</li> <li>- Potenciar a progresiva autonomía dos estudantes á hora de organizar e xestionar a propia aprendizaxe.</li> <li>- Fomentar actitudes de interese e responsabilidade ante o traballo individual e grupal que se podan traducir nunha mellora rentabilidade dos esforzos.</li> </ul>

<b>Contidos (temario)</b>
---------------------------

Estes contidos refírense ó estudio da historia de Galicia nun plantexamento diacrónico. Os traballos que os estudantes teñen que realizar ó longo do cuatrimestre se corresponden con algúns dos temas do programa.

1.- A Prehistoria en Galicia. Problemas de coñecemento. Os primeiros poboadores: tipos humanos, rutas de penetración, lugares de asentamento, formas de vida: economía de apropiación e desenrolo das primeiras formas de produción agrícola e ganadera. O megalitismo e a cultura do bronce galego.

2.- A Galicia castrexa. Orixen do poboamento celta. Os castros: tipoloxía e distribución. Formas económicas e organización social. Primeiras formas de organización política.

3.- Galicia baixo a dominación romana. A conquista: causas, fases e reacción castrexa. Proceso de romanización: cambios económicos, sociais, infraestructurais e políticos. A crisis da romanidade.

4.- O período alto-medieval. A chegada dos suevos a Galicia: organización e formas de vida. Efectos da incorporación de Galicia ao reino visigodo. A invasión musulmana e as súas repercusións no territorio galego.

5.- Bases para o desenrolo do feudalismo galego. Incorporación de Galicia ao reino astur. O proceso de señorialización: formación da grande propiedade e aumento do poder da nobreza laica e eclesiástica. Desenrolo dos vínculos de dependencia persoal.

6.- O cambio de coxuntura baixo medieval. Índices da expansión demográfica e económica. O fenómeno urbano na Galicia. Papel da colonización cisterciense. O culto xacobeo como factor de desenrolo económico e cultural. O pulo da nobreza feudal galega.

7.- A crisis dos séculos XIV e XV. Factores da depresión humana e económica. Evaluación da crisis. Participación e comportamento da nobreza galega nos conflitos dinásticos. Aumento das tensións sociais. Os grandes conflitos do século XV: As Guerras Irmandiñas.

8.- Incorporación de Galicia á monarquía española. O proceso de centralización dos RRCC: sometimento da nobreza galega e reformas monásticas. As novas institucións administrativas: a Real Audiencia e a Xunta do Reino.

9.- Poboación e economía nos s. XVI al XVIII. Comportamento demográfico e factores da evolución. Modelos demográficos: a Galicia occidental e costeira e a Galicia oriental e interior. A economía agraria e a progresiva diversificación económica zonal. Os intentos de modernización económica dos séculos XVIII. Industria e comercio.

10.- A sociedade galega do Antigo Réximen. Unha sociedade tardo-feudal. Propietarios e rentistas. As clases agrarias e o sistema foral. O mundo urbano: artesáns e comerciantes. Conflitos derivados do orden señorial. Conflictividade e reivindicacións políticas. O movemento ilustrado galego.

11.- Liberalismo e absolutismo en Galicia. Papel de Galicia na loita contra os franceses. Os proxectos progresistas e conservadores. O carlismo en Galicia e as guerras carlistas.

12.- O desequilibrio entre poboación e recursos. A emigración en Galicia: etapas e lugares de destino. Os graves desequilibrios rexionais. A desamortización en Galicia e os seus efectos. O camiño hacia a modernización económica do século XX.

13.- Galicia na España do século XX. Evolución do galeguismo dende o s. XIX: rexurdimento, federalismo, rexionalismo e nacionalismo. Relacións e reaccións galegas durante a II República e o franquismo. A Guerra civil en Galicia.

14.- Galicia na actualidade. A transición democrática e a participación dos partidos políticos en Galicia. O camiño cara autonomía galega. As tendencias económicas, sociais e políticas actuais.

## Metodoloxía Didáctica

Dado que esta é unha asignatura optativa de terceiro curso e que os estudantes xa teñen traballado contidos máis teóricos de Didáctica de Ciencias Sociais nos cursos anteriores, o enfoque metodolóxico desta materia é basicamente práctico e se centra na elaboración e exposición de traballos sobre o medio histórico de Galicia, feitos en grupos formados por non máis de catro estudantes.

Traballos a facer: dous traballos de grupo feitos a partires dos vestixios do pasado que temos presentes na actualidade (civís, relixiosos, militares...); un traballo individual de historia oral que reconstrúa algunha parte do noso pasado máis cercano (oficios tradicionais, emigración, historia familiar...). Os traballos serán expostos a todo o grupo de clase.

Neste punto hay que diferenciar a forma de traballo das horas presenciais na aula, do traballo dirixido feito polos estudantes nas horas non presenciais.

### 1.- Metodoloxía de traballo nas horas presenciais: 28 horas

O traballo presencial na aula terá dous enfoques:

- **Metodoloxía expositiva:** as explicacións teóricas terán lugar ó principio de curso e ó comenzo dos traballos específicos. Serán obxecto de explicacións a problemática do coñecemento científico da historia de Galicia e a introducción ós períodos históricos correspondentes a cada un dos bloques de traballos dirixidos. Tamén será obxecto de explicacións e os criterios para a realización dos traballos cos esquemas de contidos científicos e didácticos. A maior parte destes traballos se desenvolverá na aula en horario presencial. A profesora guiará e controlará o proceso de elaboración dos traballos.

Se corresponde tamén coa metodoloxía explicativa as exposicións orais que todos os grupos teñen que facer ó termino de cada un dos traballos realizados.

- **Metodoloxía de indagación:** refírese á elaboración de os dous traballos que versarán sobre os vestixios máis importantes da nosa historia e que están presentes practicamente en toda a xeografía galega (dólmenes, petroglifos, castros, monasterios, castelos, pazos...). Todos os traballos terán unha parte de explicación teórica que recolla a localización no tempo e no espazo do vestixio e o seu significado histórico e outra parte que contemple a transposición didáctica, polo que terán que ir acompañados dos materiais didácticos axeitados cara a ensino primario.

### 2.- Metodoloxía de traballo nas Actividades Académicas Dirixidas: 12 horas

O traballo que van realizar os estudantes ó longo das 12 horas non presenciais vai encaminado a:

- Búsqueda de información para a realización dos traballos de aula, consultas bibliográficas en bibliotecas e na rede: tempo aproximado 3 horas.
- Observación directa dos vestixios para traballar a descripcón, análise e representación directa do obxecto de aprendizaxe: tempo aproximado 4 horas.
- Elaboración, aplicación das entrevistas necesarias para facer o traballo de historia oral, análise e interpretación e elaboración de conclusións: tempo aproximado 5 horas.

O control de este traballo se fará a través de seminarios, tutorías e correo electrónico. Os estudantes deberán ir presentando periódicamente o traballo realizado para su revisión e corrección.

## Sistema de Avaliación

A metodoloxía desta nova forma de traballo determina tamén unha nova forma de avaliar o traballo do estudante, aínda que os criterios sexan os mesmos que nos anos anteriores: séguese a valorar tanto o rigor científico como o plantexamento didáctico, a claridade das exposicións e os recursos e materiais didácticos presentados.

A calificación numérica repártese entre un 70% correspondente ós dous traballos de grupo e un 30% para o traballo individual.

## Recursos

### Bibliografía básica:

- AAVV (2003) *Enciclopedia de los Monumentos de Galicia*: año 2003. Vigo. SOSDL
- AAVV (1992). *Hª de Galicia*. A Coruña. Ed. Hércules.
- AAVV GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA . A Coruña. Silverio Cañada editor.
- AAVV (1996). *Nova Historia de Galicia*. Santiago. Ed. Tambre. Xunta de Galicia.
- ATLAS HISTÓRICO DE GALICIA (1999). Vigo. Nigratea
- ARMAS CASTRO, Xosé, coor (2002) *Ensinar historia de Galicia. Aspectos historiográficos e didácticos*. Santiago de Compostela. UDC, ICE
- ANDRADE, J. (1995). *Didáctica de la Hª de Galicia*. Noia. Ed. Tosoxuotos.
- ANDRADE CERNADAS, J. M. (1997). *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia Medieval (s. X al XIII)*. Sada. Ed. do Castro.
- BARCIELA GARRIDO, P. Y REY SEARA, E. (2000). *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*. Guía. Vigo. Xerais. Roteiros.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1985) *Hª de Galicia. Contemporánea*. Vigo. Galaxia
- BARREIRO J. L. (1997) *Función política de los caminos de peregrinación en la Europa Medieval*. Madrid. Tecnos
- BEIRAS X.M. (1999) *A poboación de Galicia no século XX*. Santiago de Compostela. Laiovento
- BIBLIOTECA CORUÑESA. *Hª de La Coruña*. A Coruña. Vía Láctea.
- CAAMAÑO, Manuel (2004) *As construcións da Arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. A Coruña. Ed. Col. Aparejadores y Arquitectos..
- CALO LOURIDO y otros (1997). *Hª Xeral de Galicia*. Vigo. A Nosa Terra
- CARBALLO, F., SENÉN, F. otros (1991) *Hª de Galicia*. Vigo. Ed. A Nosa Terra.
- FREIRE CAMANIEL (1998). *El monacato gallego en la Alta Edad Media*. A Coruña. Fundación Barrié.
- GONZÁLEZ LAXE, F. (1992). *Estructura económica de Galicia*. Madrid. Espasa Calpe.
- JUANA, J. CASTRO, X. otros, (1990). *Galicia y América: el papel de la emigración*. Orense. Diputación Provincial.
- JUEGA PUIG, J. otros (1996) *A Hª de Galicia nos seus textos*. A Coruña. Vía Láctea.
- NOGUEIRA, C. (2001) *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*. Vigo. Xerais
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M. (1998). *Emigrantes, caciques e indianos: 1930 - 1936*. Vigo. Xerais.
- PEGERTO SAAVEDRA, (2003). *Señoríos y comunidades campesinas. Aportaciones a la hª rural de la España Moderna*. A Coruña. Fundación Barrié.
- OTERO GUTIÉRREZ, L. (1993) *Coñecemento do medio. Proxecto curricular*. Vigo Xerais.
- PRESEDO GARAZA, A. (1998). *Os devanceiros dos pazos*. A Coruña. Sotelo Blanco.
- RABUÑAL, Henrique. (1999). *A Coruña na historia*. Vigo. A Nosa Terra.
- REY CASTELAO, O. (1999) *A Galicia clásica e barroca*. Vigo. Galaxia.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999) *De aldeas a cidades: urbanismo y xeografía das vilas galegas*. Vigo. Ir Indo.
- ROJO SALGADO, A. (1989) *O Galeguismo a través dos seus textos e documentos políticos*. Santiago de Compostela.
- SA BRAVO, Hipólito (1992). *Monasterios de Galicia*. León. Everest.
- SÁNCHEZ J. A. y L. PONCE (1999). *Galicia, guía do patrimonio arquitectónico*. Vía Láctea
- SENÉN, F. (2000). *Os primeiros galegos. Prehistoria e arqueoloxía*. A Coruña. Diputación Provincial.
- VARELA, Paz (1999). *Castillos y fortalezas de Galicia*. Vigo. Nigratea
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1991 ) *Las raíces de Galicia*. A Coruña. Sálvora
- VILLARES, R., ARMAS, J. otros (1990). *Hª de Galicia. Textos y materiales para su historia*. Barcelona. Crítica.

## Recursos

### REVISTAS

CUADERNOS DE PEDAGOGÍA  
ÍBER. DIDÁCTICA DE LAS CIENCIAS SOCIALES, GEOGRAFÍA E HISTORIA.  
CONCIENCIA SOCIAL.  
DIDÁCTICA DE LAS CIENCIAS EXPERIMENTALES Y SOCIALES  
ENSEÑANZA DE LAS CIENCIAS SOCIALES. REVISTA DE INVESTIGACIÓN.

### Recursos web:

<http://clio.rediris.es>  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)  
<http://pntic.mec.es/recursos/primaria/conocimiento>  
[www.educahistoria.com](http://www.educahistoria.com)  
[www.didactica-ciencias-sociales.org](http://www.didactica-ciencias-sociales.org)  
[www.edualter.org](http://www.edualter.org)  
[www.e-ducativa.com/index.shtml](http://www.e-ducativa.com/index.shtml)  
[www.proyectopdb.org](http://www.proyectopdb.org)  
[www.edu.aytolacoruna.es](http://www.edu.aytolacoruna.es)  
[www.aulagalega.fiestras.com](http://www.aulagalega.fiestras.com)  
[www.edugalicia.org](http://www.edugalicia.org)  
[www.escolas.org](http://www.escolas.org)  
[www.galego21.org/1dc/](http://www.galego21.org/1dc/)  
[www.as-pg.com](http://www.as-pg.com)  
[www.iaga.com](http://www.iaga.com)

### Outros materiais de apoio: